



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Debuxo e Expresión Gráfica Aplicados á Moda		Código	710G03006
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	López Salas, Estefanía	Correo electrónico	estefania.lsalas@udc.es	
Profesorado	López Salas, Estefanía	Correo electrónico	estefania.lsalas@udc.es	
Web	https://dibujomoda.blogspot.com/			
Descrición xeral	Esta materia ten un dobre obxectivo: dotar ao alumnado da capacidade para expresar as súas ideas mediante o debuxo a man alzada, entendendo esta capacidade como básica e necesaria para o seu desenvolvemento na contorna profesional do deseño de moda, e conseguir que o alumnado adquira os coñecementos fundamentais que lle permitan enfrontarse á análise das formas na moda por medio do debuxo a man alzada. Paralelamente a estes obxectivos, o alumnado irá tomando coñecemento dos modos de expresión gráfica no ámbito da xestión industrial de moda.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Sistemas de representación: Comprensión e coñecemento dos sistemas de representación e a súa relación cos procedementos de ideación gráfica e de expresión visual nas distintas fases do deseño de moda.	A4 A5 A18	B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C5 C6 C8
Análise de formas: Comprensión e coñecemento da figura humana, das leis de perspectiva, da teoría de sombras e valoración tonal e a aptitude ou capacidade da súa aplicación ós procedementos de estudo fenomenolóxico e analítico das formas.	A4 A5	B1 B2 B4 B5 B8 B10	C3 C6 C7 C8 C9
Teoría da composición: Comprensión e coñecemento das distintas teorías da composición e a súa aplicación a expresión gráfica do deseño de moda.	A4 A18	B1 B2 B3 B4 B5 B10	C3 C6 C7 C8



Ideación gráfica e representación: Aptitude ou capacidade para concebir e representar as propias ideas e dominar a proporción e as técnicas de expresión gráfica, así como a representación e o acabado final.	A4	B2	C3
	A18	B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B7	C7
		B8	C8
		B9	C9
		B10	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O debuxo	1.1. Introducción ao debuxo de moda. O debuxo como ferramenta. 1.2. Análise da representación de figura aplicada á moda. Conceptos básicos. 1.3. A fase de ideación gráfica no debuxo. 1.4. A representación obxectiva e analítica. 1.5. Debuxo e comunicación.
2. A expresión gráfica	2.1. Ferramentas gráficas. 2.2. A percepción visual. 2.3. Elementos morfolóxicos da imaxe. 2.4. Sintaxe da imaxe. 2.5. Teorías de composición e cor.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A18 B1 B5 C6 C8 C9	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	A4 A5 B10 C3 C4 C5 C7	21	0	21
Obradoiro	A4 A5 A18 B3 B4 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	21	50	71
Traballos tutelados	A4 A5 A18 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	3	30	33
Seminario	A4 A5 A18 B2 B5 C5 C7	9	10	19
Proba práctica	B2 B3 B4 B8 B9 C6 C9	2	0	2
Atención personalizada		2.5	0	2.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Estas actividades lévanse a cabo ó inicio do proceso de ensinanza-aprendizaxe, co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posee o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren acadar, vencellados á materia. Con elas preténdese obter información relevante que permita artellar a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.



Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais expoñense os contidos teóricos da asignatura e os desenvolvementos prácticos fundamentais baseándose no emprego da palabra e apoiándose fundamentalmente na imaxe, con presentacións dixitais e debuxos na pizarra, como vías principais de transmisión da información.
Obradoiro	Nos obradoiros semanais búscase que o alumnado poña en práctica os coñecementos adquiridos, a través dunha serie de exercicios propostos polo profesorado, co seu apoio e supervisión permanente durante o tempo da clase. O alumnado entregará os exercicios realizados nos obradoiros ao finalizar a materia.
Traballos tutelados	Os traballos tutelados son unha metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes fóra da aula, baixo a tutela do profesorado. Ó longo do cuadrimestre iránse propoñendo ó alumnado unha serie de enunciados xenéricos, para que os desenvolva pola súa conta e os entregue ó finalizar a materia. O horario semanal de titorías permitirá facer o seguimento e tutela destes traballos, de modo voluntario.
Seminario	Os seminarios serán impartidos por profesionais externos que achegarán a súa visión da práctica profesional en relación coa materia, centrada en determinados aspectos relacionados co debuxo e a expresión gráfica.
Proba práctica	Utilízase como proba individual para a avaliación final da aprendizaxe, permitindo avaliar a capacidade e destreza adquirida ó longo da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados	No horario de titorías, os docentes, de xeito individual ou en pequenos grupos, atenderán ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co desenvolvemento e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Tamén poderá realizarse de xeito non presencial para consultas específicas, a través de correo electrónico ou de plataformas de teleformación.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A4 A5 A18 B3 B4 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	Avaliación das prácticas e traballos realizados na aula e/ou completados fóra dela. Estes traballos deben dar idea da maduración do alumnado na materia. É precisa a realización e entrega, en tempo e forma, do 80% dos traballos propostos para poder ser avaliado. Estes traballos non se devolverán ó alumnado.	30
Traballos tutelados	A4 A5 A18 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	É unha parte fundamental da avaliación xunto cos traballos realizados no obradoiro, e realizaranse fora da aula de modo paralelo ó curso. A súa elaboración coa mínima calidade esixible é indispensable para a súa consideración, así como a súa entrega en tempo e forma. Estes traballos non se devolverán ó alumnado.	20
Proba práctica	B2 B3 B4 B8 B9 C6 C9	A proba práctica (exame) serve de control para avaliar a maduración final do alumnado ó término da materia.	50

Observacións avaliación



A presencialidade (asistencia) é imprescindible, con participación activa e aproveitamento, tanto para a realización das prácticas e traballos no taller, como para as clases teóricas e seminarios. Unha asistencia inferior ó 80% pode comprometer a avaliación positiva na materia, agás naqueles casos de alumnado que teña un recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.

O alumnado que se presente á proba práctica (exame), que teña unha cualificación nas partes correspondentes ao obradoiro e aos traballos tutelados, pero que non supere a materia coas porcentaxes sinaladas, figurará en actas coa cualificación final obtida.

O alumnado que se presente á proba práctica (exame), pero que non teña unha cualificación nas partes correspondentes ao obradoiro e aos traballos tutelados, figurará en actas coa cualificación final de "NP".

As prácticas do obradoiro, os traballos tutelados e a proba práctica (exame) só terán validez para o curso actual (primeira e segunda oportunidade, respectivamente), e deberán repetirse nos seguintes cursos académicos.

Aplicanse os mesmos criterios de avaliación na primeira e na segunda oportunidade. Estes criterios son os mesmos para o alumnado matriculado en réxime de dedicación a tempo completo como no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.

Ao alumnado que queira presentarse á convocatoria adiantada de decembro, para superar esta materia aplicaráselle os mesmos criterios de avaliación que para a primeira e segunda oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Brambatti, Manuela (2017). Ilustración de moda: técnicas y métodos de dibujo profesional. Barcelona: Promopress - Bryant, Michele Wesen (2012). Dibujo de moda : técnicas de ilustración para diseñadores de moda. Barcelona: Blume - Drudi, Elisabetta Kuky (2010). Dibujo de figurines para el diseño de moda. Amsterdam: Pepin Press - Feyerabend, F. V. (2014). Figurines de moda : patrones para ilustración de moda. Barcelona : Gustavo Gili - Martín Roig, Gabriel (2007). Dibujo para diseñadores de moda. Barcelona: Parramón - Riegelman, Nancy (2012). 9 heads: a guide to drawing fashion. Los Ángeles: 9 Heads Media
Bibliografía complementaria	- Hopkins, John (2010). El dibujo en la moda. Barcelona: GG - Sanmiguel, David (2008). El arte del dibujo. Barcelona : Parramón - Wager, Lauren (2017). La paleta perfecta: combinaciones de colores inspiradas en el arte, la moda y el diseño. Barcelona: Promopress

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de Deseño Artístico da Moda/710G03002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Deseño de Moda/710G03010

Observacións

O alumnado que participe en programas de mobilidade tanto saínte como entrante adaptaránse ás mesmas normas que o resto. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable ambiental e social é recomendable facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Asimesmo, débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías